

## **Regulamento para a creación e xestión das Cátedras e Aulas Institucionais da Universidade da Coruña**

Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2013

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, apostou por estreitar a interrelación entre a Universidade e o sector produtivo. Aínda que a interlocución entre as universidades e os grupos empresariais non sempre é doada, debido ás peculiaridades dos seus contextos institucionais propios, dispor de mecanismos áxiles de contacto é fundamental para canalizar as iniciativas conxuntas e divulgar axeitadamente os seus resultados. Estes mecanismos poden realizar un labor de prospección para a empresa, cando esta ten unha necesidade que poida satisfacer mediante os grupos de investigación da universidade e, reciprocamente, pode facilitar que a empresa coñeza os campos de interese dos membros da comunidade universitaria. Poden, por último, realizar un labor de divulgación global dos resultados da colaboración e fomentar a formación en ámbitos de común interese.

Un dos mecanismos máis axeitados para acadar estes obxectivos é a creación de cátedras patrocinadas por empresas. As denominadas *Cátedras Institucionais*, financiadas cunha dotación económica periódica achegada en concepto de patrocinio polas empresas, permiten desenvolver actividades non lucrativas específicas de formación, de divulgación, de transferencia de coñecemento, e de investigación nos ámbitos de interese común para a empresa e a Universidade. A duración mínima do convenio de Cátedras Institucionais é de tres anos.

Ademais das Cátedras Institucionais, outra modalidade de colaboración son as *Aulas Institucionais*, que se diferencian das anteriores no seu alcance e orzamento. Estas aulas Institucionais, con menor achega económica, desenvolven actividades de formación e de divulgación e transferencia de coñecemento, sendo a súa duración mínima dun ano ou un curso académico.

O presente Regulamento regula os contidos mínimos que deberán contemplar os convenios mediante os cales se instrumenten ambas as dúas modalidades de colaboración para cada caso concreto, fornecendo deste xeito un marco xurídico claro e homoxéneo.

## TÍTULO I

### DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E CREACIÓN DAS CÁTEDRAS E AULAS INSTITUCIONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

#### CAPÍTULO 1

##### DEFINICIÓN, OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

###### **Artigo 1. Obxecto e definicións**

1. O presente regulamento ten por obxecto a regulación da creación e xestión das Cátedras e Aulas Institucionais da Universidade da Coruña.
2. As Cátedras e Aulas Institucionais da Universidade da Coruña son instrumentos de colaboración público-privada para o fomento da formación, a investigación e a transferencia de coñecemento nun ámbito da ciencia, que xorden do concerto de vontades entre á Universidade da Coruña e unha ou varias institucións de natureza pública ou privada.
3. A creación dunha Cátedra ou Aula Institucional conlevará, en todo caso, a posta en marcha dun plano estable de actuacións orientado á execución de actividades de formación, investigación, divulgación e/ou transferencia de coñecemento nun ámbito da ciencia, que resulte de interese común para a Universidade da Coruña e o resto de institucións promotoras.
4. A creación dunha Cátedra ou Aula Institucional formalizarase coa sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e calquera institución de natureza pública ou privada, cuxo contido haberá de axustarse ao previsto no presente regulamento.
5. A Universidade da Coruña asumirá mediante estes convenios o compromiso de coordinar e executar o plano de actuacións que desenvolverá a Cátedra ou Aula Institucional. Ao menos unha das institucións de natureza pública ou privada asinantes asumirá o compromiso de aportar os recursos financeiros necesarios para a súa posta en marcha.

## **Artigo 2. Do plano de actuación das Cátedras ou Aulas Institucionais**

1. O plano de actuación das Cátedras ou Aulas Institucionais definirá os obxectivos de formación, investigación, divulgación e transferencia de coñecemento que as partes asinantes pretenden acadar. O plano describirá, así mesmo, as iniciativas que se desenvolverán durante o período de vixencia do convenio específico de creación e incorporará unha previsión do calendario de execución e do orzamento necesario para a súa posta en marcha.

2. O plano de actuación das Cátedras ou Aulas Institucionais deberá ser aprobado no acto polo que se formalice a súa creación, debendo ser incorporado ao convenio de creación como anexo.

3. O plano de actuación das Cátedras e Aulas Institucionais poderá prever o desenvolvemento das seguintes actividades, sen prexuízo daquelas outras que foran acordadas polas partes para o cumprimento dos mesmos fins:

### **a) Actividades de formación e divulgación**

1. Colaboración en mestrados e outros estudos de posgrao, tanto oficiais como propios.
2. Colaboración no deseño e impartición de programas de formación permanente.
3. Patrocinio de bolsas predoutorais e postdoutorais.
4. Premios a proxectos de fin de grao ou mestrado, traballos e concursos de ideas.
5. Conferencias, seminarios e obradoiros.
6. Promoción de prácticas curriculares e extracurriculares.
7. Colaboración en plans de formación da empresa ou institución.
8. Visitas a empresas.
9. Formación para a creación de empresas de base tecnolóxica ou para a explotación de resultados de investigación.
10. Realización de xornadas de divulgación científica, tecnolóxica e artística.
11. Publicacións sobre temas de interese no ámbito da Cátedra ou da Aula.
12. Promoción en acontecementos científicos, técnicos e artísticos.
13. Organización de exposicións e promoción de actividades culturais.
14. Divulgación das actividades da Cátedra ou da Aula.

**b) Actividades de transferencia e de investigación**

1. Desenvolvemento de liñas de investigación conxunta.
2. Cooperación para lograr proxectos de investigación no ámbito galego, español e europeo.
3. Apoio na realización de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de grao.
4. Realización de traballos de investigación.
5. Promoción de encontros e redes nacionais e internacionais de expertos nas áreas de interese da Cátedra.
6. Promoción da contratación de grupos da Universidade da Coruña para o desenvolvemento de accións de innovación ou consultoría especializada na empresa.

4. A execución do plano de actuación das Cátedras ou Aulas Institucionais será sometida a unha revisión periódica anual por parte da Comisión de Seguimento á que fai alusión o artigo 9 do presente regulamento. Esta revisión terá por obxecto verificar o grado de consecución dos obxectivos estratéxicos da Cátedra ou Aula Institucional e o estado de execución do orzamento asignado para o desenvolvemento das distintas actuacións.

**Artigo 3. Difusión das actividades**

1. A Universidade da Coruña difundirá a participación e colaboración das entidades promotoras en todas as actividades que realice a Cátedra ou Aula Institucional.
2. A Universidade da Coruña, a través da OTRI, editará unha Memoria Anual onde quedarán reflectidas as actividades máis importantes realizadas polas Cátedras e Aulas Institucionais. Esta Memoria incluírá, ademais, un apartado no que constarán todas as actividades que a Universidade da Coruña desenvolva en colaboración coas entidades asinantes.
3. Todas as Cátedras ou Aulas Institucionais disporán dunha subpáxina web con acceso dende a páxina web da Universidade da Coruña.
4. Na web da Cátedra ou Aula poderá incluírse toda a información relativa ás actividades programadas e realizadas, aos órganos de goberno e xestión e dirección da Cátedra ou Aula, así como os seus informes anuais.

#### **Artigo 4. Contido mínimo do convenio específico**

1. O Convenio polo que se cree unha Cátedra ou Aula Institucional deberá incluír, cando menos, o contido seguinte:

- a. Os datos das institucións que a impulsen e financien.
- b. A denominación da Cátedra ou Aula.
- c. Os obxectivos estratéxicos da Cátedra ou da Aula.
- d. O centro ou órgano de goberno de adscrición.
- e. A dotación económica anual.
- f. A estrutura organizativa da Cátedra ou Aula.
- g. A composición da Comisión de Seguimento.
- h. A duración do convenio, a forma de renovación posterior ou de extinción, e os mecanismos previstos para realizar o seguimento e, de ser o caso, resolver as controversias na súa execución.
- i. O plano de Actuación da Cátedra ou Aula, que figurará como anexo ao convenio específico.

2. Na web da vicerreitoría competente en investigación e transferencia e do Consello Social da Universidade da Coruña estará dispoñible un convenio tipo actualizado e un modelo do plano de actuación que haberán de desenvolver as Cátedras e/ou Aulas Institucionais.

## **CAPÍTULO 2**

### **CREACIÓN E FINANCIAMENTO**

#### **Artigo 5. Iniciativa de creación**

1. Corresponde a iniciativa para a creación de Cátedras e Aulas Institucionais a:

- a) Calquera institución con personalidade xurídica propia, de natureza pública ou privada. A creación dunha Cátedra ou dunha Aula Institucional poderá ser impulsada por unha ou máis entidades.
- b) Os membros da comunidade universitaria pertencentes ao colectivo de PDI, cuxo departamento, centro ou grupo poderá considerarse promotor.
- c) Os membros do Consello Social da Universidade da Coruña, órgano de goberno que neste caso poderá considerarse promotor.

2. O/os promotor/es presentarán un borrador de convenio específico acompañado dunha proposta de plano de actuacións perante á vicerreitoría que teña asignada a competencia en materia de investigación e transferencia, que impulsará de oficio a posterior tramitación do convenio perante os órganos competentes da Universidade da Coruña.

## **Artigo 6. Adscrición**

1. A Cátedra ou a Aula será adscrita a un centro (docente ou de investigación) ou órgano de goberno universitario, por proposta da vicerreitoría competente en materia de investigación e transferencia, que se reflectirá no correspondente convenio. As Cátedras e Aulas poderán ter un ámbito de actuación máis amplo que o da súa adscrición e nas súas actividades poderán participar o persoal docente e investigador, o persoal de administración e servizos e os estudantes de toda a comunidade universitaria.

2. As Cátedras e Aulas poderán utilizar as instalacións da Universidade da Coruña, de conformidade coa normativa reguladora correspondente. A xerencia habilitará un espazo como sede, que se ubicará preferentemente no centro universitario ao que estea vinculado a persoa que dirixa a Cátedra ou Aula Institucional, sempre que as dispoñibilidades de espazo o permitan.

## **Artigo 7. Dotación económica**

1. As Cátedras e Aulas Institucionais financiaranse coas achegas das institucións e coas subvencións ou recursos que poidan conseguir no marco das actividades previstas no convenio específico de creación.

2. A achega mínima que a/as institución/s promotora/s deberán realizar anualmente para financiar unha Cátedra Institucional será de vinte mil euros.

3. A achega mínima que a/as institución/s promotora/s deberán realizar anualmente para financiar unha Aula Institucional será de dez mil euros.

4. As achegas serán pecuniarias con carácter ordinario. Excepcionalmente, poderán constituírse Cátedras e Aulas Institucionais con achegas non monetarias, cando estas teñan, respectivamente, un valor contable de cincuenta mil ou vinte mil euros.

5. A Universidade da Coruña acreditará a realización da achega, sexa monetaria ou non monetaria, mediante a expedición de certificación, de acordo cos requisitos establecidos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6. Os gastos xerados para a Universidade da Coruña (dedicación do persoal, uso de espazos e dos servizos, xestións na OTRI, material funxible, etc.) polo normal desenvolvemento das actividades da Cátedra ou Aula serán satisfeitos con cargo ao convenio polo que se formalice a súa creación. Con carácter ordinario, estes custes xerais serán imputados á achega da institución nunha porcentaxe fixa do 15%. Excepcionalmente, se así se acorda entre as partes, estes custes poderán ser imputados tras a avaliación dos gastos presentados e xustificados pola UDC e a súa aprobación pola comisión de seguimento da cátedra, sen que o importe

total destes gastos poda ser inferior ao 7% da dotación económica da Aula ou Cátedra.

7. As institucións promotoras dunha Cátedra ou dunha Aula Institucional poderán ampliar a súa achega, de acordo coa normativa universitaria correspondente, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime xurídico das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

## **TÍTULO II**

### **ÓRGANOS DE GOBERNO E DIRECCIÓN DA CÁTEDRA OU AULA**

#### **COMPOSICIÓN E FUNCIONS**

#### **Artigo 8. Órganos de goberno e dirección da Cátedra ou Aula**

1. O órgano máximo de goberno da Cátedra ou Aula é a Comisión de Seguimento, órgano colexiado paritario, composto por representantes da Universidade da Coruña e das institucións que asinen o convenio específico polo que se cree a Cátedra ou Aula.

2. A Cátedra ou Aula terá un/ha director/a, a quen lle corresponderá a coordinación académica e a execución orzamentaria do plano de actuacións, nos termos que sexan acordados pola Comisión de Seguimento.

## **CAPÍTULO 1**

### **COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA CÁTEDRA OU AULA**

#### **Artigo 9. Composición da Comisión de Seguimento da Cátedra ou Aula**

1. Os convenios específicos de creación contemplarán unha Comisión de Seguimento, que estará composta, como mínimo, por:

a) A persoa titular da Vicerreitoría que teña asignadas as competencias en materia de investigación e transferencia, ou persoa en quen delegue.

b) O/a Presidente/a do Consello Social da Universidade da Coruña, ou persoa en quen delegue, no suposto de Cátedras ou Aulas Institucionais adscritas a este órgano.

c) O/a Directora/a do centro ao que estea adscrita. En caso de non estar adscrita a un centro senón a un órgano de goberno da Universidade, este membro da Comisión de Seguimento será proposto polo reitor.

d) Dous ou tres representantes da empresa ou institución, segundo o caso, para manter a paridade.

2. A Comisión de Seguimento poderá ser ampliada ou reducida por acordo das partes, mantendo en todo caso o seu carácter paritario.

### **Artigo 10. Funcións da Comisión de Seguimento da Cátedra ou Aula**

As funcións da Comisión de Seguimento serán:

- a) Controlar a execución do plano de actuación da Cátedra ou Aula e acordar as modificacións que procedan.
- b) Aprobar as eventuais ampliacións da dotación económica da Cátedra ou Aula para o financiamento de actividades acordadas.
- c) Aprobar a Memoria anual de actividades ás que fai alusión o art. 3.2
- d) Adoptar os acordos necesarios para o cumprimento dos fins e obxectivos da Cátedra ou Aula, de acordo coa normativa da Universidade da Coruña e o convenio específico de creación.

### **Artigo 11. Funcionamento da Comisión de Seguimento**

1. A Comisión de Seguimento reunirse, como mínimo, unha vez ao ano. As reunións poderán ser convocadas polos seus membros ou pola dirección da Cátedra ou Aula cunha antelación mínima de 10 días.
2. Na primeira reunión que se celebre, a Dirección da Cátedra ou Aula presentará o plano de actuacións a realizar durante o período de vixencia do convenio de creación.
3. Celebrarase, en todo caso, unha reunión ao final de cada anualidade. Nela, a Dirección da Cátedra presentará un informe das actividades realizadas durante o ano e unha liquidación orzamentaria, que deberán ser aprobados pola Comisión de Seguimento.
4. Cando a diversidade de actividades da Cátedra ou Aula o requira, a Comisión de Seguimento, por proposta do Director da Cátedra, poderá nomear un ou varios codirectores académicos para maior axilidade do desenvolvemento das actividades programadas.

## **CAPÍTULO 2**

### **DIRECCIÓN DA CÁTEDRA OU AULA**

#### **Artigo 12. Nomeamento da Dirección**

1. A Dirección da Cátedra ou Aula será exercida por un/ha profesor/a da Universidade da Coruña, proposto/a pola/s institución/s de natureza pública ou privada allea/s á Universidade da Coruña interesada/s en impulsar a iniciativa. A



persoa directora da Cátedra ou Aula responderá a un perfil de prestixio profesional, técnico e científico recoñecido no ámbito da Cátedra ou da Aula e con dedicación a tempo completo á Universidade da Coruña.

2. A promoción dunha cátedra ou aula será considerado mérito preferente para nomear entre o profesorado á persoa directora dunha cátedra ou aula.
3. A proposta ou propostas serán elevadas ao reitor por proposta da Vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia.

### **Artigo 13. Funcións da Dirección**

1. Con carácter xeral, correspóndelle á Dirección da Cátedra ou Aula a responsabilidade da execución dos acordos adoptados pola Comisión de Seguimento. En particular, o Director/a da Cátedra ou Aula será a persoa responsable de deseñar, coordinar e executar o plano de actuacións, no termos acordados pola Comisión de Seguimento.
2. A Dirección da Cátedra ou Aula colaborará coa OTRI da Universidade da Coruña na preparación da Memoria Anual de actividades á que fai alusión o artigo 3.2, aportando a información sobre as actividades da Cátedra ou Aula que lle sexa requirida.
3. A Dirección da Cátedra ou Aula fomentará as relacións entre a Universidade e as institucións asinantes para os efectos de favorecer a transferencia da tecnoloxía e do coñecemento xerado na Universidade da Coruña. A tal efecto, a Dirección da Cátedra ou Aula informará á OTRI da Universidade da Coruña das necesidades de asesoramento científico, tecnolóxico ou artístico das entidades asinantes, cando estas lle foran comunicadas de xeito oficial por razón do seu cargo.

### **Artigo 14. Recoñecemento por xestión**

1. O/A Director/a da Cátedra poderá ter a redución da dedicación docente e un recoñecemento económico equivalente á dunha Subdirección ou Vicedecanato de Centro.
2. De ser o caso, o convenio específico poderá contemplar o outorgamento á Dirección dunha retribución adicional en función da excelencia na consecución dos obxectivos, con cargo aos fondos propios da Cátedra ou Aula.

### TÍTULO III

#### DURACIÓN, RENOVACIÓN E EXTINCIÓN

##### **Artigo 15. Duración**

1. A duración inicial mínima dunha Cátedra será de tres anos e a máxima de cinco anos, que poderán prorrogarse en virtude do que pacten as partes no convenio específico de creación.
2. A duración mínima dun Aula será dun ano ou un curso académico e a máxima de tres anos, que poderán prorrogarse en virtude do que pacten as partes no convenio específico de creación.
3. A Comisión de Seguimento poderá acordar a extinción da Cátedra ou Aula antes dos prazos acordados, respectando os compromisos económicos adquiridos para a realización de actividades.

##### **Artigo 16. Renovación**

1. A renovación da Cátedra ou da Aula formalizarase mediante a firma dunha Addenda ao Convenio, ou dun novo Convenio se o contido deste o require.
2. A Comisión de Seguimento será a encargada de presentar a proposta de renovación da Cátedra ou da Aula antes da expiración do período de vixencia inicial ou a súa prórroga, que seguirá a mesma tramitación que o convenio de creación.

##### **Artigo 17. Extinción do Convenio de Cátedra ou Aula**

1. Os convenios de Cátedras e Aulas extinguíranse segundo o estipulado no seu articulado, que establecerá os supostos de finalización da colaboración e os prazos de denuncia deste.
2. As partes poderán denunciar o convenio con tres meses de antelación á data en que vaian dalo por finalizado, manténdose o desenvolvemento das actividades iniciadas ata a súa finalización e as obrigas económicas acordadas.
3. A Cátedra Institucional extinguírase, tamén, pola inactividade desta e pola non renovación do convenio no prazo de seis meses dende a finalización do anterior.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.